

**OFICINA MUNICIPAL DE  
VOLUNTARIADO**

**CONCELLERÍA  
DE  
CULTURA E EMPREGO**

**CONCELLO DE VIGO**



Expediente 1280/322

**CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE APOIO TECNICO Á OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO E FORMACIÓN ÁS PERSOAS VOLUNTARIAS E ENTIDADES DE VOLUNTARIADO**

### **INFORME-PROPOSTA**

Este informe-proposta redáctase de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

É obxecto do presente contrato a prestación de servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado:

- na atención a persoas voluntarias e a entidades sociais vinculadas ao ámbito do voluntariado da cidade de Vigo, así coma na organización e xestión de eventos sociais, culturais e deportivos; e
- na impartición de formación ás persoas voluntarias e a entidades de voluntariado.

A Oficina Municipal de Voluntariado carece de persoal técnico cualificado para desenvolver as accións de orientación e asesoramento a persoas voluntarias e a entidades de voluntariado, así como para asegurar unha adecuada formación e selección dos perfís de persoas voluntarias que se precisen para o desenvolvemento de cada un dos proxectos, e para participar no desenvolvemento dos eventos realizados fora de horario e das instalacións municipais.

O presente contrato está previsto no Plan anual de contratación (si).

En base ao exposto e, de conformidade co art. 116.1 e D.Ad.2ª.4 da LCSP e coas delegacións de competencias adoptadas por resolución da Alcaldía e por acordo da Xunta do Goberno local do 18 e 20 de xuño do 2019, respectivamente, elévase á Concelleiro/a delegado/a de Cultura e Emprego, a seguinte:

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

Iniciar o expediente administrativo para a contratación da prestación de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e Formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado.

A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 11/04/2022).  
Carla Candia Paz. Data e sinatura dixital.

## **DECRETO**

Vista a precedente proposta, RESOLVO de conformidade coa mesma.

Na data da sinatura dixital

A Concelleiro/a-delegado/a de Cultura e Emprego. Abel Losada Álvarez. Data e sinatura dixital.

DOU FE, A Secretaria do Goberno Local. Por encomenda de funcións de 1/09/2021. Susana Gallardo Fariña Data e sinatura dixital.